

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPTE Nº:
2022/G007/000005.**

Excma. Sra. D.^a Lara Méndez López, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO sesión Ordinaria** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar no salón de sesións da Casa do Concello o vindeiro **xoves, día 26 de maio de 2022, ás 10.00 HORAS**, de acordo coa seguinte **orde do día**:

1/63 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2022.

A) PARTE RESOLUTIVA

URBANISMO

2/64 PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL 03 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL VIXENTE NO ÁMBITO TERRITORIAL DA FICHA L-53 DO SEU CATÁLOGO DE PROTECCIÓN (ESTACIÓN DE FERROCARRIL) PARA A DESCATALOGACIÓN DO EDIFICIO DE CORREOS: APROBACIÓN PROVISIONAL.

3/65 ESTUDO DE DETALLE DE AGREGACIÓN DAS PARCELAS 13-14 DO QUINTEIRO 1206 (PRAZA MAIOR Nº 4 E 5) DO PEPRI FORMULADO POLA MERCANTIL NINPE 2012, S.L., REPRESENTADA POR DON JUAN CARLOS PENIN VILLAR E REDACTADO POLO ARQUITECTO DON GERARDO GARCÍA-BOENTE CARRO. ADAPTACIÓN ÁS NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA APROBADAS POLA ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DE DATA DO 10 DE OUTUBRO DE 2019 (DOG Nº 224, DO 25 DE NOVEMBRO DE 2019): SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS.

4/66 APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES DA "PARCELA T" DO PARQUE EMPRESARIAL AS GÁNDARAS, QUE MODIFICA AO ANTERIORMENTE APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO ACORDO PLENARIO DE DATA DO 3 DE DECEMBRO DE 2012, FORMULADO POLA MERCANTIL NORVENTO ENERXÍA, S.L. (REPRESENTADA POR DONA MARTA FERNÁNDEZ CASTRO) E REDACTADO POLO ARQUITECTO DON FRANCISCO MANGADO BELOQUI.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac1284374511952899072.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-5-2022

5/67 APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DE AGREGACIÓN DE PARCELAS CORRESPONDENTES AOS NÚMEROS 18 E 20 DA RÚA SAN FROILÁN (UNIDADES EDIFICATORIAS 130109 E 130110 DO PEPRI, FORMULADO POR DON MANUEL FRANCISCO GÓMEZ ÁLVAREZ, REPRESENTADO POR DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VALIÑO E REDACTADO POLO ARQUITECTO DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VALIÑO.

TRANSPORTES

6/68 MODIFICACIÓN TARIFAS DE TAXIS CONCELLO DE LUGO 2022.

INTERVENCIÓN

7/69 APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚM. 7-2022.

PROPOSICIÓN

8/70 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 163/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DAR CUMPRIMENTO INMEDIATO AO ACORDO PLENARIO DA FÁBRICA DA LUZ (Exp. 2022/G004/000369).

9/71 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 187/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLICITAR DO GOBERNO A CESIÓN DO TRAMO DA N-VI QUE VAI DENDE A PONTE BRANCA ATA O ACCESO Á AVENIDA DE MADRID (Exp. 2022/G004/000384).

10/72 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 188/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO POÑA EN MARCHA UN PLAN DIRIXIDO Á ADQUISICIÓN DE DESTREZAS EN CASTELÁN E GALEGO PARA REFUXIADOS DE UCRAÍNA (Exp. 2022/G004/000385).

11/73 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 189/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA CREAR E REGULAR A FIGURA DO VALEDOR DA VECIÑANZA (Exp. 2022/G004/000391).

12/74 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 191/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA CREAR UN PLAN MUNICIPAL DE SANEAMENTO NA ZONA RURAL (Exp. 2022/G004/000397).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

TESOURERÍA

13/75 DACIÓN DE CONTA RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA FEBREIRO A ABRIL 2022.

14/76 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE 2022.

ACTAS E GOBERNO

15/77 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 11 DE ABRIL DE 2022, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2022 (Exp. 2022/G004/000382).

INTERVENCIÓN

16/78 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DO PLAN DE ACCIÓN DA ALCALDÍA 2022: MEDIDAS RESPECTO DOS INCUMPRIMENTOS, DEBILIDADES, DEFICIENCIAS E ERROS POSTOS DE MANIFESTO POLA INTERVENCIÓN XERAL ATENDENDO ÁS RECOMENDACIÓNS EXPOSTAS NO SEU INFORME-RESUMO DOS RESULTADOS DE CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2021.

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 192/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE RETIREN OS VALOS QUE LIMITAN O RECINTO DO AUDITORIO DE MAGOI.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 193/2022 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO CRITERIO A APLICAR POLO CONCELLO DE LUGO NA RESOLUCIÓN DAS LICENZAS.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 194/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE EDITEN FOLLETOS INDIVIDUAIS E ACTUALIZADOS DAS SALAS MUSEÍSTICAS DA CIDADE E DOS BENS PATRIMONIO DA HUMANIDADE.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 195/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE INSTALE UNHA VARANDA NO TALUD QUE SE ATOPA Á ALTURA DO NÚMERO 25 DA RONDA DO CARME.

PREGUNTAS:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac1284374511952899072.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-5-2022

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 190/2022 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVAS Á MESA DE PARTICIPACIÓN PARA LEXITIMAR A CONVERSIÓN DA FÁBRICA DA LUZ EN CENTRO ENOGASTRONÓMICO.

C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- CONDOLENCIAS POLO FALECIMENTO DA NAI DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ.

Notifíqueselles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,